

ID#586

Bicerrán - Cambre - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Manuel (73)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

68d

“Boas tardes Maruxiña,
hoxe veñote pedire
de tanto como che quero
sin ti non podo vivire.”

“Pois por moito que me queiras
moito máis ch'eu quero a tí
todo o día e tod'a noite
sempre estou pensando en tí.”

“O teu amor Maruxiña,
moito me fai padecere
asta de noite na cama
nunca poido adormecere.”

“Dese mal tamén eu sufro
meu amor meu queridiño
non podo prender o sono
pensando no teu cariño.”

“Pois agora Maruxiña,
tranquila podes estare
porque si teus pais nos deixan
logho nos vamos casare.”

“Por meu pai non hai coidado
per'o malo é miña nai
que dixo que me mataba
iantes deixarme casare.”

“Se túa nai non che deixa
facemos doutra maneira
casamos com'os paxaros
por detrás dunha silveira.”

“Miña nai xa vén aquíe
está metendo no ghando
falallo con moito xeito
que tén o xenio moi malo.”

ID#586



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Boas tardes miña soghra,
veñolle pedí-la filla
se ma da sentom'un pouco,
se non marcho máis axiña.”

“Eu ben sei qu'ela te quere
e 'stá por ti rabeando
desde que fala contigho
non tén calma nin descanso.”

“Pois eu moito máis lle quero
sinón non viña por ela
querome casar agora
pra que me quente a canela.”

“Pois se es' é o que queredes
casaráste miña filla
xa te encherás de Farruqu'
e tamén da súa ghaitiña.”

Arreglaron os papeles,
trataron o casamento
ó cabo de poucos días
casaronse moi contentos.

Cando saliron da ighresia
dixo a pobre da rapaza:
“Farruco si non recelas
podesme enseñá-la ghaita.”

“Muller espera un pouquiño
porque a teño ghardada
xa ma verás pola noite
qu'hei tocar na fuliada.”

Inda ben non veu a noite
a moza non s'olvidaba
botoull'a vista ó punteiro
e dixo que lle ghustaba.

“Pois agora Maruxiña,
ghaita non ch'ha de faltare
fest'abaixo e fest'arriba
xa te encherás de bailare.

ID#586

O peor é a barrigha
se hai pouco que comere
pero tocando na ghaita
podémo-nos distraere.”

Aquí termina o cortexo
deste famoso ghaiteiro
que pra enganá-las rapazas
tocoulles a ghaita pirmeiro.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades